

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE
DATA VINTEÚN DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS**

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA PRESIDENTA:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ <u>NON ASISTE:</u> D/Dª JOSÉ M.BLANCO SUÁREZ <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ <u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> D/Dª MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteún de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. MARIAN FERREIRO DÍAZ , reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA,A SECRETARIA SUBSTITUTA. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase por unanimidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A LIMPEZA DE PRAIAS 2016.- Dase conta da seguinte solicitude de subvención: O Inspector Xefe de Emerxencias, en data 04/04/2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I06V que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/27/2016: Subvención para limpeza de praias marítimas 2016
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da solicitude de subvención

Con data 30-03-2016 o Alcalde deste Concello ditou a resolución de código **ASI10I06B** que di:

“Con data 29/03/16 o Inspector Xefe de Emerxencias elevou a esta Alcaldía o informe de código ASI10I061 que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	ASI/27/2016: Subvención para limpeza de praias marítimas 2016
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Solicitude de subvención

No BOP nº. 46, do 9 de marzo, publicáronse as bases específicas do *Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2016*, complementadas coa publicación no BOP nº. 51, do 16 de marzo, do extracto da convocatoria dese mesmo programa.

Como cada ano, a efectos de acollerse a dita convocatoria, o Departamento de RRHH emitiu un informe (código PER10I0RI) de custos do persoal encargado de prestar o servizo, estimado por este Inspector Xefe de Emerxencias en dúas cuadrillas formadas cada unha por un capataz e catro peóns ao 63,33% da xornada. Ditos custos ascenden aos 41253,12 €.

As referidas bases específicas establecen un importe máximo da subvención a conceder de 33840,00 €, sendo precisa unha achega municipal para facer fronte ao restante importe de 7413,12 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 1, sinala que *as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia*. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI10I05Z.

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No seu art. 14, esta lei indica que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial lo fagan conveniente*. [...] *En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento*.

Neste caso, corresponde ao Alcalde-Presidente a avocación da delegación de solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria dese órgano sen que expire o prazo de solicitude indicado nas Bases reguladoras, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto este Técnico eleva á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento para a **Subvención para a limpeza de praias marítimas durante o 2016**, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI10I05Z:

Proxecto	Limpeza de praias marítimas 2016
Importe total	41253,12 €
Financiamento externo	33840,00 €
Achega municipal	7413,12 €
Aplicación orzamentaria	24 13600 13100

Logo da publicación da concesión provisional, na que se coñecerá o importe exacto que se concede, procederá a aprobación definitiva do plan de financiamento, o que comportará a correspondente contabilización desde o Servizos Económicos dos importes aprobados.

TERCEIRO: Solicitar da Excm. Deputación da Coruña a **Subvención para a limpeza de praias marítimas durante o 2016**, por importe de **33840,00 €**.

A través desta solicitude, **o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.**

CUARTO: Designar a este Alcalde-Presidente, D. José Manuel Blanco Suárez, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I01R**), este Alcalde

R E S O L V E :

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta desta resolución ao órgano concedente a efectos da oportuna tramitación electrónica do expediente de subvención.”

En cumprimento do punto primeiro da proposta de resolución aprobada, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I021**), este Alcalde, en uso das atribucións conferidas:

Da conta á Xunta de Goberno Local da proposta transcrita.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REFORMA DA RUTA DE SAN ANDRÉS DE TEIXIDO.- Dase conta da seguinte solicitude de

subvención: O funcionario responsable de Turismo, en data 04/04/2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I071 que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/30/2016: Subvención para a reforma da ruta de San Andrés de Teixido
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da solicitude de subvención

Con data 28-03-2016 o Alcalde deste Concello ditou a resolución de código **ASI10I05T** que di:

“Con data 22/03/16 o funcionario responsable de Turismo elevou a esta Alcaldía o informe de código ASI10I05K que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	ASI/30/2016: Subvención para a reforma da ruta de San Andrés de Teixido
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Solicitude de subvención

No DOG nº 40, do 29 de febreiro de 2016, publicouse a resolución da Axencia de Turismo de Galicia, do 19 de febreiro de 2016, *pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016.*

Segundo esta resolución, son subvencionables, entre outras, as actuacións de sinalización dos recursos turísticos. A tal efecto obra no expediente de referencia a memoria valorada denominada "**Mantemento, conservación e mellora en ruta sendeirista Mosteiro do Couto – San Andrés de Teixido**". As obras contempladas, a modo de resumo, consisten en diversas actuacións en puntos singulares da ruta:

- Mosteiro do Couto: fonte, carteis informativos, marquesina, bancos, papalera e aparcá-bicicletas.
- Paso da ruta baixo autopista: subministro de bueiros e soleira.

- Muíño de Xuvia: pavimento adoquinado, regularización de firme, carteis informativos e mobiliario diverso.
- En restantes puntos kilométricos da ruta: acondicionamento de camiños, carteis e subministro de mobiliario diverso.

O orzamento estimado, IVE engadido, ascende aos 49993,69 €, e a porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis acada o 100%.

Cabe sinalar que este mesmo proxecto atópase acollido á convocatoria de subvencións da Deputación da Coruña a entidades locais para 2016, sen que ata o momento recaera resolución provisional de concesión das mesmas. Ambas axudas son compatibles segundo as Bases Reguladoras das dúas convocatorias, sempre que o importe total subvencionado non supere o total do proxecto.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 1, sinala que *as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia.* A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI10I05I.

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No seu art. 14, esta lei indica que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial lo fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde ao Alcalde-Presidente a avocación da delegación de solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria dese órgano sen que expire o prazo de solicitude indicado nas Bases reguladoras, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto esta Técnico eleva á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos

expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento para a **Subvención para reforma da ruta de San Andrés de Teixido**, de acordo co establecido no informe adxunto de código **ASI10I05I**:

Proxecto	Reforma da ruta de San Andrés de Teixido
Importe total	49993,69 €
Financiamento externo	49993,69 €
Achega municipal	0,00 €

Logo da publicación da concesión provisional, na que se coñecerá o importe exacto que se concede, procederá a aprobación definitiva do plan de financiamento, o que comportará a correspondente contabilización desde o Servizos Económicos dos importes aprobados.

TERCEIRO: Solicitar da Axencia de Turismo de Galicia a **Subvención para reforma da ruta de San Andrés de Teixido**, por importe de **49993,69 €**.

A través desta solicitude, **o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución para o devandito proxecto.**

CUARTO: Designar a este Alcalde-Presidente, D. José Manuel Blanco Suárez, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I01N**), este Alcalde

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta desta resolución ao órgano concedente a efectos da oportuna tramitación electrónica do expediente de subvención.”

En cumprimento do punto primeiro da proposta de resolución aprobada, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I022**), este Alcalde, en uso das atribucións conferidas:

Da conta á Xunta de Goberno Local da proposta transcrita.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á SOLICITUDE DE COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2016.- Dase conta da seguinte resolución:
RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

BEGINBODY_ACUERDO

A xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 31 de marzo de 2016, ditou o informe-proposta de Resolución de Alcaldía da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, que textualmente dí:

“INFORME-PROPOSTA Á ALCALDÍA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: *Solicitude de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2016 a Xunta de Galicia.*

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta á Alcaldía :

ANTECEDENTES:

Desde hai máis de 10 anos, o Concello de Narón expón anualmente o grao de realización dos proxectos cofinanciados pola Comunidade Autónoma e o Ministerio de Traballo en canto ás prestacións básicas de servizos sociais, paso necesario para realizar a solicitude de subvención para o seguinte exercizo.

Actualmente, esta xustificación e solicitude está regulada polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Unha vez xustificado polo Servizo Sociocomunitario Municipal a anualidade correspondente ao ano 2015, compre realizar a solicitude de financiamento para o exercizo 2016

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

-Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario propón á Alcaldía a adopción do seguinte acordo:

1º.- Solicitar á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2016, por un importe de 1.844.106,04 €, co seguinte detalle:

Conceito	Importe total	Achega municipal	Subvención solicitada
Persoal	970.184,57	647.829,57	322.355,00
Mantemento	5.000,00	2.500,00	2.500,00
Axuda no fogar libre concorrencia	61.666,50	51.465,14	10.201,36
Axuda no fogar Dependencia	963.333,50	171.347,90	791.985,60
Programas	1.474.622,13	757.558,05	717.064,08
TOTAL	3.474.806,70	1.630.700,66	1.844.106,04

2º.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

3º.-O Concello de Narón comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 1.630.700,66 €, que supón unha porcentaxe do 46,93 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas”

Logo de ver o dito Informe, fiscalizado pola Intervención Xeral, coa toma de Razon o día 31 de marzo de 2016, esta Alcaldía , no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente,**Resolve:**

-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

Asinado dixitalmente por
O alcalde-presidente

Ante min
(Dou fe da identidade do asinante)
Asinado dixitalmente por
O secretario xeral
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.

José M.Blanco Suárez
31/03/2016

31/03/2016

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA CONCESIÓN PROVISIONAL DA SUBVENCIÓN DA DIPUTACIÓN DA CORUÑA PARA COFINANCIAR OS PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO NO ANO 2016.- Vista a proposta formulada que di así:

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 06-04-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I0LQ) , que textualmente dí:

“INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL Á CONCELLEIRA DELEGADA PARA APROBACIÓN EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Asunto: Proposta de aprobación en Xunta de Goberno Local da aceptación da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta a Concelleira Delegada para a probación en Xunta de Goberno Local.

ANTECEDENTES

No Boletín Oficial da provincia número 59 de data 30-3-2016, publícase a resolución provisional de concesión da subvencións dirixidas a concellos interesados na realización de Programas de envellecemento activo para persoas maiores no ano 2016 (RP 2016/6217),a contía concedida ao concello de Narón é de 3.000,00€.

Na Resolución Provisional se concede un prazo de 10 días hábiles para que os solicitantes poidan aceptar o desistir da subvención.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- *Lei 7/1985 , de 2de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da sdisposicións legais vixentes en materia de réxime local 8(TRRL)*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)*
- *RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións*
- *RDL 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*

- Bases específicas e xerais da convocatoria, BOP 221 de data 18 de novembro
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa a concelleira Delegada para que Propoña a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º Aceptar a subvención concedida provisionalmente pola Deputación da Coruña, por importe de 3.000,00€, quedando a cofinanciación do proxecto como se describe a continuación :

Importe total do proxecto		17.889,36 €
Achega do Concello para o exercicio 2016		14.889,36 €
Subvención solicitada á Deputación da Coruña para o exercicio 2016		3.000,00 €

2º A financiación deste programa, en canto a achega municipal quedará do seguinte xeito:

Achega municipal		14.889,36€
Aplicación orzamentaria	11/23100	11.814,36€
Aplicación orzamentaria	13/33402/2279	3.075,00€

“

Logo de ver o informe con toma de razón por intervención de data 08 de abril de 2016, a Concelleira delegada en materia de Promoción Social e Igualdade, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:13 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada pola Sra. presidenta accidental comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

A PRESIDENTA ACCTAL.

A SECRETARIA SUBSTITUTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ



Asdo.- MARIA ANGELES MANTEIGA
FULGUEIRA